

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Foz para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Expediente: N.9.Q/3683/22

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data **25 de maio de 2022**, o reclamante presenta escrito ante a Valedora do Pobo, no que, esencialmente, pon de manifesto o seguinte:

Transcurridos ya tres meses, después de haber presentado por Registro ante el Ayuntamiento de Foz (Lugo) la SOLICITUD que se adjunta a esta misma solicitud sin haber obtenido respuesta alguna, acudo nuevamente a esa Institución y

SE SOLICITA: La intervención de la Valedora do Pobo para que el Ayuntamiento de Foz cumpla con la Ley de Transparencia según se expone en la solicitud adjunta.

Na solicitude á que se refire, fai constar o seguinte:

"Según consta en el Expediente Municipal del Ayuntamiento de Foz nº 172/2022, la respuesta dada por el arquitecto municipal del Ayuntamiento, fecha 16/02/2022, respuesta que se supone haya sido trasladada a la Valedora do Pobo, al requerimiento de que explicitasen la o las razones o criterios que justifican las transformaciones que se exponían como resultado de cambiar las longitudes del fondo de las partes urbano-rústico dentro de la parcela catastral con Referencia Nº XXXXXX, al esgrimir únicamente como núcleo de respuesta: que en lo anterior y en el actual PGOM "los criterios son diferentes", pero sin explicitar ni un solo criterio justificativo del PGOM actual como se solicitaba, y no "comulgando con esta respuesta de rueda de molino", se presenta a mayores esta nueva solicitud en dicho Ayuntamiento, enviando copia de la misma a la Valedora do Pobo para que, si lo cree procedente, mantenga abierto el

expediente nº N.9.Q./10733/21, comunicado en fecha 03/02/2022, haciendo un nuevo requerimiento al Ayuntamiento de Foz o, pasados tres meses, de no ser esto posible, poder presentar nueva queja ante ese Organismo y abrir uno nuevo sobre este mismo tema y con la misma justificación de esta misma solicitud presentada. Y para aclarar y como complemento de la anterior solicitud, nuevamente se

EXPONE:

1º.- No se solicitaba la justificación del cambio de clasificación-calificación de la parcela catastral con Referencia Nº XXXXXXXX ya que siempre, tanto en las Normas Subsidiarias antiguas como en el PXOM actual, la parcela Referencia Cat. NºXXXXXXXX figura clasificada y calificada como de Suelo de Núcleo Rural o Urbano. Lo único que se ha alterado con el PGOM actual es el fondo de la parte de suelo urbano y el fondo de la parte rústica dentro de dicha parcela y precisamente se solicitaba la razón o criterio de delimitación que se aplicó en el nuevo PGOM para dicho cambio, que es la causa y lo que generó todos los demás cambios. El argumento esgrimido por el arquitecto municipal, Expediente 172/2022, diciendo simplemente que "los criterios de las Normas Subsidiarias y las del PGOM actual son diferentes" es una respuesta "de humo" y sin aportar ni un solo criterio sobre los metros lineales de delimitación del fondo que deban de tener las dos partes urbana-rústica contenidas dentro de dicha parcela. Con la respuesta evasiva dada, opino que ofende la dignidad del ciudadano y esto más que transparencia es total opacidad.

2º.- El PGOM, aprobado el 18/09/2018 que afecta a la parcela catastral ReferenciaNnº XXXXXXXXXXXX con una superficie de 2.393 m2 y con sus 100 metros lineales de fondo, hace que su parte urbana de referencia catastral XXXXXXXXXXXX ahora tenga solo 961 m2 de superficie (superficie real: 805 m2) y una longitud de fondo desde el borde de explanación con la carretera, o afectación por expropiación, de solo 31 metros y con este fondo, si no me demuestran lo contrario, lo han dejado convertido en suelo urbano no edificable que solo sirve para pagar más impuestos y que en caso de derribar las construcciones actuales, al estar afectadas por expropiación, dado el mal estado de conservación, la dejan como no edificable sin posibilidad de poder incorporarle más suelo convertible en urbano dejándole a todo el resto del fondo de la parcela de referencia catastral XXXXXXXXXXXX una superficie de 1.432 m2 de suelo rústico. Este recorte de metros lineales en el fondo de la parte urbana de la parcela y consecuentemente de m2 de superficie urbana en la parcela, la convierten, tanto a esta como a otras parcelas, en no edificables y lo que es más grave, estos m2 se los adjudican con

creces a outras parcelas, incluso a las que les correspondería estar fuera de los núcleos rurales incumpliendo el principal CRITERIO en la redacción de los Planes Generales de Ordenación Municipal de la Xunta de Galicia referente a la consolidación de los Núcleos Rurales. A las parcelas pertenecientes a suelo de Núcleo Rural, edificadas o no, con superficie suficiente para tener un suelo de parte urbana edificable se las debe dotar de esta manera. Me reservo el derecho de presentar ante los Tribunales Recurso contra la aplicación de un PGOM (Plan General de Ordenación Municipal) discriminatorio y lesivo para los intereses de muchos ciudadanos al calificar como urbano solo una parte de sus parcelas, unas con edificaciones precarias y obsoletas y otras muchas parcelas sin ellas, parcelas a las que lejos de darles valor legal edificatorio llegado el caso, solo les obliga a pagar más impuestos por el suelo edificado o no de dichas parcelas.

Por TODO LO EXPUESTO y para dar cumplimiento a la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno «BOE» núm. 295, de 10/12/2013. Última actualización publicada el 06/12/2018 se

SOLICITA del o de los representante/s responsable/s: Explícite/n la razón o criterio que justifica el haber dejado una parte urbana con solo 31 metros de fondo cuando el fondo de la parcela de 100 metros le permitiría tener más fondo en la parte urbana que según lo expuesto necesita tener para llegar a ser suelo urbano edificable. Además, aparte y a mayores de todo lo anterior, en caso de no recibir una respuesta convincente o no proceder a subsanar el despropósito cometido con el nuevo PGOM, SE SOLICITA la devolución de los euros cobrados demás a través de todos los impuestos, durante todo el tiempo causante, por una superficie urbana que luego sustraen".

SEGUNDA.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese Concello de Foz, o cal xa recibimos e no que se pon de manifesto o seguinte:

No Plan xeral de ordeación municipal que foi obxecto de aprobación definitiva parcial por orde da conselleira de medio ambiente e ordenación do territorio do 18 de setembro de 2018 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm 284 de 13 de decembro de 2018- en adiante PXOM- (Planeamento adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia – en adiante LOUG-) unha parte da parcela de referencia catastral XXXXXXXXXX está dentro da delimitación do núcleo rural de Corredoira

A delimitación dos núcleos rurais fíxose segundo os requisitos esixibles conforme ao establecido no artigo 13 da LOUG (segundo consta na memoria do plan e no anexo ficheiro núcleos) e a instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre "la metodología de cálculo grado de consolidación edificatoria en la delimitación del suelo de núcleo rural, al amparo de lo dispuesto en la Ley 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da LOUG" que clarifica o procedemento (identificación e diferenciación administrativa en censos e padróns oficiais, número de edificacións, densidade de vivendas, grao de consolidación pola edificación, antecedentes existentes de delimitacións anteriores, acceso desde vial público, características morfolóxicas e, de ser o caso, tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel e distancia ás edificacións tradicionaos, etc).

Tendo en conta a queixa presentada polo reclamante e o contido do informe remitido polo concello, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

SEGUNDA.- Se a persoa interesada utiliza o **dereito de petición ante o concello**, este ten a **obriga de acusar recibo** de cada petición que presente comunicándollo ao interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción.

No caso de que proceda a **declaración de inadmisibilidade do pedido**, tal decisión será **sempre motivada** e deberá acordarse e **notificarse ao petionario** nos coarenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Se o concello considera que o **contido dalgún escrito presentado non atopa encaixe no dereito de—**petición, entón a declaración de inadmisión da petición **deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba sustanciarse**. Nestes casos os escritos serán tramitados, en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de

1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 972015).

Destacar tamén que cando o interesado presente **un escrito solicitando que se lle facilite unha determinada información municipal que obra nos arquivos ou rexistros do concello**, está exercendo o dereito contemplado no **artigo 13 d) da xa referida Lei 39/2015, así como nos artigos 12 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e nos artigos 207 e 231 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.**

TERCEIRA.- En calquera caso a **Administración está obrigada a responder** ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle **unha resposta por escrito** que ademais sexa unha **reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma** adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo **con prontitude e sin demoras inxustificadas.**

CUARTA.- Sen prexuízo do exposto, cando o que se solicita por parte do cidadán é unha determinada información, debemos ter en conta o seguinte:

- **O artigo 103 da Constitución** establece que:

“A Administración Pública serve con obxectividade aos intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometimento pleno á Lei e ao Dereito”

Por contraposición, **un dos dereitos que teñen os usuarios respecto das administracións públicas é a ser informados** e servidos con eficacia por parte dos funcionarios públicos .

- **O dereito á información é un Dereito Fundamental** para a defensa dos dereitos da cidadanía e o dereito da cidadanía a unha Administración eficaz depende, na maioría dos casos, da adaptación dos medios materiais e humanos ás obrigacións derivadas da Lei.
- Partindo pois destas premisas, para aplicar a normativa que necesariamente obriga á cidadanía, **a información que dende a Administración se facilite para poder cumprir a mesma, ten que ser comprensible e de acceso fácil, de maneira que o principio de accesibilidade o sexa para todos.**

- **Non se trata con cumprir formalmente con informar, senón, que a información cumpra coa finalidade perseguida e, evidentemente, coa eficacia, sendo este o elemento cruce a ter en conta por calquera Administración. A seguridade xurídica para a cidadanía depende, en todo caso, dunha resposta concreta, eficaz e áxil de calquera Administración, o que poderíamos resumir como unha “ información útil”.**

QUINTA.- Neste caso en concreto para xustificar a modificación do volume de edificabilidade da parte urbana da finca referida polo reclamante, o concello remítese ao Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de aprobación definitiva parcial o 18 de setembro de 2018 , así como a unha serie de cálculos e medicións, realizadas ao amparo do disposto na Lei 2/2010, de 25 de marzo , de medidas urxentes de modificación da LOUG.

Por todo o exposto en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Foz o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E a seguinte:

RECOMENDACIÓN

Que, se lle dea traslado ao reclamante dos cálculos e medicións realizados ou, no seu caso da concreta metodoloxía de cálculo, que diron como resultado o recorte do volume de edificabilidade da parte urbana da súa finca.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou as presentes resolucións, estas se incluírán na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)